

CONCELLO PLENO

ACTA DE SESIÓN

ORGANO: CONCELLO PLENO

ACTA NUMERO: 2017/05

CARÁCTER: ORDINARIA

CONVOCATORIA: Primeira.

DATA: 13 de xullo de 2017

No Salón de Sesiões da Casa do Concello de Ribadeo sendo as vinte horas e trinta e cinco minutos do día **13 de xullo de 2017** reúnese o Pleno do Concello en sesión convocada ao efecto con carácter **ORDINARIO** baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Fernando Suárez Barcia e coa asistencia das persoas que á continuación se indican:

Por Bloque Nacionalista Galego-Asembleas Abertas

D.Fernando Suárez Barcia (Alcalde)

D.Ana María Martínez Fernández.

Dona María Luz Alvarez Lastra

D. Vicente Castro Reigosa

D.Xosé Farruco Graña Rama

Dona María Sonia Meilán Vizoso

D.David Rivas Peña

Dona María da Paz Ermida Igrexas

D.Jorge Díaz Freije

Dona Vanesa Yanes Rivas

Por Partido Popular

D.Jesús López Penabad

Dona María Rosina Tosar López

D.José Juan Estevez Fernández

D. José María García Suárez

Por Partido dos Socialistas de Galicia-PSdeG-PSOE

Dona Aurora González Ginzo

Dona Cristina Losas Soria

Por Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía

Dona Marta María Saiz García

Secretario Xeral:

D.José A. Carro Asorey

Interventor:

D.Luis R.Vázquez Parga

Técnico de Admón.Xeral.

D.José Rodil Veiga

Comprobado que se da o quórum legalmente esixido para a válida celebración das sesións do Pleno do Concello, nos termos esixidos no artigo 113.1 c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D.2568/1986, de 28 de novembro, a Presidencia declara aberta esta e pásase ao tratamento dos asuntos comprendidos na Orde do día:

1.-APROBACIÓN SE PROCEDE DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES ORDINARIA DE 11 DE MAIO E EXTRAORDINARIA DE 1 DE XUÑO DE 2017.

A totalidade dos membros da Corporación recibiu nos seus domicilios fotocopia do borrador das actas correspondentes ás sesións epigrafiadas nos termos esixidos no artigo 80.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais.

O Concelleiro do Grupo Popular Sr. López Penabad mostra a súa disconformidade coas intervencións recollidas na acta ordinaria do Pleno de 11 de maio de 2017 no relativo ao punto no que se ausentaron dous membros do seu Grupo e indica que non van aprobar a acta.

Por outra parte a Concelleira Dona Aurora González Ginzo do Grupo Socialista fai constar que na acta relativa á sesión de 1 de xuño de 2017, extraordinaria, figura como membro do Grupo Socialista David Fernández Feijoo cando o mesmo xa cesara nesa data.

Por Secretaría sinálase que se trata dun erro involuntario e que se correxirá oportunamente.

A Corporación por 13 votos a favor (dos membros dos Grupos BNG, PSG-PSOE e Mixto) e 4 en contra (dos membros do Grupo Popular) en votación ordinaria, acorda prestarlle a súa aprobación coas modificacións indicadas.

2.-EXPEDIENTE N.º 2058/2017 ELATIVO Á MODIFICACIÓN DA ORDENANZA DO I.C.I.O.

Por Secretaría dase conta do ditame da Comisión Informativa:

“Dase conta da proposta da Alcaldía que se transcribe:

Vistos os informes emitidos polo técnico municipal Carlos Longarela Sanfiz, de datas 21/06/2017 e 28/06/2017, que figuran no expediente, nos que se analiza a necesidade de establecer bonificacións no ICIO tendentes a facilitar as obras de rehabilitación de inmobles catalogados de protección integral para evitar o seu deterioro, e tamén para a realización de obras de ornato de fachadas en todo o ámbito municipal e non soamente no caco histórico.

Vista a providencia de Alcaldía de 28/6/2017 onde se tratan de plasmar as modificacións a introducir na Ordenanza fiscal I4 reguladora do Imposto sobre construcións, instalacións e obras, tendentes a conseguir as finalidades propostas polos servizos técnicos municipais

Considerando o informe emitido pola Intervención municipal de data 29/06/2017

En consecuencia, despois de examinar o expediente tramitado, enténdese que procede modificar texto da Ordenanza fiscal I4 reguladora do Imposto sobre construcións, instalacións e obras, de acordo co exposto.

Tendo en conta ademais os seguintes fundamentos xurídicos:

- Os apartados a) e b) do artigo 4.1 e o artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, que atribúen aos Municipios a potestade regulamentaria, tributaria e financeira.
- Os artigos 15 a 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, nos que se regula o procedemento para a imposición, ordenación e modificación dos tributos locais a través das correspondentes ordenanzas fiscais.
- O artigo 22.2,e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, que asigna ao Concello Pleno competencia para a determinación dos recursos propios de carácter tributario.
- Os artigos 100 a 103 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais onde se regula o réxime xurídico do ICIO.

En consideración ao exposto, esta Alcaldía eleva á consideración do Concello Pleno a seguinte proposta:

Primeiro. – Aprobar con carácter provisional a modificación da Ordenanza Fiscal I4 Reguladora do Imposto de Construcións Instalacións e Obras do Concello de Ribadeo, cuxos artigos modificados quedan redactados do seguinte xeito:

“ORDENANZA FISCAL I4 Reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

Artigo 4. Base imponible, cota e dereito á percepción.-

1. A base imponible do Imposto está constituída polo custo real e efectivo da construción, instalación ou obra, que se obterá con carácter xeral en función das seguintes operacións e/ou módulos:

OBRAS DE NOVA PLANTA E REHABILITACIÓN.- CRITERIO XERAL.

1. NORMAS XERAIS: CRITERIOS DE VALORACIÓN.

1.1. Un traballo considerárase incluído no punto que lle corresponde de acordo co destino predominante da superficie, e incluíranse naquel as superficies con destinos minoritarios. Soamente se dividirán en varios puntos cando un dos destinos minoritarios ocupe unha superficie maior do 20% do total, nese caso valorárase independentemente.

1.2. A superficie total construída é a suma da superficie de cada unha das plantas do edificio, medida dentro dos límites definidos polas liñas perimetrais das fachadas, tanto exteriores como interiores, e os eixes de medianeiras compartidas, se é o caso.

Nos edificios de vivendas as superficies abufardadas accesibles, que polas súas características construtivas e tipolóxicas sexan susceptibles de ser destinadas a vivenda, inclúiranse no cómputo cando a súa altura libre sexa superior a 1,5 metros e valoraranse co uso da vivenda.

2. ESTIMACIÓN SIMPLIFICADA DOS ORZAMENTOS DE EXECUCIÓN MATERIAL DA EDIFICACIÓN.

2.1. DEFINICIÓNS.

Mb.- Módulo básico.

Mc.- Módulo de construción ou de referencia.

S.- Superficie total construída, en m².

Si.- Superficie construída por uso de acordo co destino predominante dela.

Ct.- Coeficiente corrector en función da tipoloxía da edificación.

Cu.- Coeficiente corrector en función do uso da edificación.

PEMb.- Presuposto de execución material segundo módulos básicos.

PEM.- Presuposto de execución material do proxecto.

2.2. VALORES DE APLICACIÓN.

2.2.1. MÓDULO BÁSICO (Mb):

414,00 €/m²

2.2.2. SUPERFICIE CONSTRUÍDA POR USO: Si.

Un traballo considérase incluído na alínea que lle corresponde de acordo co uso predominante da superficie; inclúense naquel as superficies con destinos minoritarios, tal e como se especifica no punto 1.1.1.

2.2.3. COEFICIENTE TIPOLOXÍAS: Ct.

Ct.- Tipoloxía da edificación.

1. En edificacións de nova planta e adicións.

1,10	Edificación illada (4 fachadas). Vivenda unifamiliar illada.
1,10	Agrupación en fila ou fileira. Sotos ou semisotos
1,00	Edificio en quintero pechado. Edificación aberta vivenda colectiva.

2. En obras de reforma e rehabilitación.

- 1,10** *Rehabilitación total que inclúe desmontaxe de fachadas.*
- 1,00** *Adecuación interior de plantas baixas e entresollados. Rehabilitación integral do edificio conservando exclusivamente as fachadas.*
- 0,65** *Reforma interior de instalacións e acabados conservando a estrutura existente.*
- 0,50** *Reformas de elementos estruturais.*
- 0,35** *Rehabilitación de fachadas. Substitución de carpintería e pechamentos (aplicada á superficie de fachada).*
- 0,30** *Reformas de pouca entidade que non afecten a elementos estruturais nin a instalacións (acabados interiores).*
- 0,02** *Demolicións e derribamentos (aplicada á superficie total das plantas que se derriban).**

(*) Coeficiente de uso **Cu=1.**

2.2.4. COEFICIENTE DE USOS: **Cu.**

Cu.- Usos da edificación.

1. Edificación:

- 1,60** *Auditorios. Museos. Teatros. Hoteis 5 estrelas. Edificios bancarios.*
- 1,50** *Hospitais. Laboratorios. Igrexas.*
- 1,40** *Bibliotecas. Facultades e Escolas universitarias. Hoteis 4 estrelas. Edificios penitenciarios. Terminais marítimas e aéreas.*
- 1,30** *Clubs sociais. Cines. Centros de saúde. Balnearios. Hoteis 3 estrelas. Salas de festas. Discotecas. Colexios con residencia.*
- 1,20** *Casas da cultura. Casas consistoriais. Locais bancarios. Consultorios. Residencias 3ª idade. Apartahoteis. Tanatorios. Centros de culto. Cuarteis. Matadoiros.*
- 1,10** *Vivenda. Hoteis 2 estrelas. Residencias universitarias. Moteis.*
- 1,00** *Residencial VPO. Oficinas. Garderías. Centros docentes. Hoteis 1 estrela. Ambulatorios. Hostais-residencias. Restaurantes. Estacións de autobuses. Salas de exposicións. Piscinas cubertas.*
- 0,90** *Bares. Mercados.*
- 0,80** *Centro comercial. Pavillóns deportivos cubertos. Vestiarios. Bungalows. Servizos campings.*
- 0,65** *Edificios de aparcadoiros. Local comercial. Establecementos comerciais industria escaparate.*

0,50	<i>Piscinas descubertas. Cemiterios.</i>
0,40	<i>Garaxes e aparcadoiros. Estacións de servizo.</i>
0,35	<i>Rochos. Locais en planta baixa ou semisoto sen uso específico. Soportais e terrazas abertas.</i>
0,30	<i>Almacéns. Instalacións deportivas descubertas. Granxas. Cubertos. Depósitos. Bancadas. Panteóns (por nicho). Naves industriais.</i>
0,15	<i>Acondicionamento de naves con obras mínimas.</i>
0,10	<i>Proxectos de urbanización (adscritos á edificación). Parcelas campings.**</i>
0,05	<i>Xardíns. Pistas de terra e formigón. Tratamento de espazos exteriores. Acondicionamento de terreos.**</i>

(**)Coeficiente de tipoloxía $Ct=1$

2.3. OBTENCIÓN DO ORZAMENTO DE EXECUCIÓN MATERIAL SEGUNDO MÓDULOS BÁSICOS: $PEMb$.

O custo da execución material de todo tipo de edificación obterase en función do módulo de construción M_c , e da superficie construída para cada uso, de acordo coas seguintes fórmulas:

2.3.1. MÓDULO DE CONSTRUCCIÓN: $M_c = M_b \times C_t \times C_u$

Nos casos en que un coeficiente corrector non se axuste á tipoloxía ou ós usos antes definidos, aconséllase aplicar a media entre os que máis se asemellan.

2.3.2. ORZAMENTO DE EXECUCIÓN MATERIAL SEGUNDO MÓDULOS BÁSICOS: $PEMb = \text{Sumatorio } (M_{ci} \times S_i)$

M_{ci} = Módulo de construción que corresponda, de acordo co destino predominante da superficie.

S_i = Superficie construída que corresponda, de acordo co destino predominante dela.

OUTRAS OBRAS OU INSTALACIÓNS.-

No caso de obras e instalacións de pouca entidade, reformas, reparacións, etc. suxeitas a comunicación previa ou licenza a base impositiva calcularase conforme aos seguintes módulos ou valores unitarios:

A.- SOBRE A SUPERFICIE COMPUTABLE

m2. 1.- Construción de galpón ou alpendre

- Galpón ou alpendre	170,00
- Garaxes	220,00
m2. 2.- Obras de reforma en:	
- Vivendas	294,00
- Oficinas	290,00

B- SOBRE UNIDADES DE OBRA (prezos unitarios)

Demolicións

m2. Demolición completa (Superficie construída)	9,00
m2. Demolición cuberta de fibrocemento	3,00
m2. Demolición cuberta de lousa	4,75
m2. Demolición de muros	15,50
m2. Demolición de forxados	10,00
m2. Demolición de soleiras	8,10
m2. Demolición de tabiques ou apertura de ocos	6,10
m2. Demolición de falsos teitos	2,40
m2. Picado de enfoscados de morteiros sobre fachadas	7,15
m2. Picado de soleiras	4,50
m2. Picado azulexos e revestimentos	5,50
m2. Picado e levantado de pavimentos	7,00

Movemento de terras

m2. Nivelación de terreos	2,20
m3. Escavación de terras	4,90
m3. Escavación a ceo aberto	2,50

<i>ml. Apertura de gabia</i>	35,60
<i>ml. Execución de gabia</i>	63,50
<i>m3. Recheo e compactado de terras</i>	3,80
<i>m3. Carga e transporte de terras a vertedoiro</i>	4,50
<i>Tn. Canón de verquido</i>	10,00

Estruturas

<i>m3. Formigón en masa</i>	70,00
<i>m3. Formigón armado</i>	89,00
<i>m2. Muro de formigón armado</i>	53,00
<i>m2. Estrutura parcial de formigón en vivenda</i>	60,00
<i>m2. Estrutura parcial de aceiro en vivenda</i>	65,50
<i>m2. Estrutura parcial de madeira en vivenda</i>	71,50
<i>m2. Estrutura parcial de forxado colaborante</i>	67,00
<i>m2. Forxado de formigón</i>	70,00
<i>m2. Forxado de madeira</i>	80,00
<i>m2. Forxado colaborante (formigón/madeira - metálico)</i>	90,00

Cubertas

<i>m2. Substitución de acabado de cuberta pesada tipo lousa</i>	50,50
<i>m2. Substitución de acabado de cuberta lixeira tipo fibrocemento ou chapa</i>	24,20
<i>m2. Impermeabilización de terraza</i>	18,30
<i>m2. Restrel de madeira</i>	7,50
<i>m2. Entaboado de madeira (cangos)</i>	32,50
<i>m2. Colocación de panel sandwich en cuberta</i>	54,40
<i>ml. Baixante de PVC o chapa de aceiro prelacado</i>	17,25

<i>ml. Baixante de cobre, zinc o titanio</i>	19,65
<i>ml. Canlón de PVC o chapa de acero prelacado</i>	14,25
<i>ml. Canlón de cobre, zinc o titanio</i>	27,00

Albanelería

<i>m2. Muro de cachotería</i>	108,00
<i>m2. Muro de bloque</i>	25,00
<i>m2. Tabique de ladrillo</i>	14,10
<i>m2. Tabique tipo pladur</i>	26,75
<i>m2. Cerramento con dous follas de ladrillo e illamento</i>	36,00
<i>m2. Soleira de formigón de 15 cm con mallazo</i>	18,50
<i>m2. Soleira de formigón en masa</i>	15,75
<i>m2. Soleira de formigón ventilable (caviti)</i>	29,00
<i>m2. Reposición de beirarrúas</i>	48,45
<i>ml. Bordillo de formigón</i>	18,00
<i>ml. Bordillo de xardin</i>	8,00

Carpintería

<i>m2. Porta / ventá de madeira</i>	222,00
<i>m2. Porta / ventá de aluminio o PVC</i>	210,00
<i>ud. Porta de entrada metálica de seguridade</i>	536,40
<i>ud. Porta blindada de madeira</i>	896,50
<i>m2. Galería de madeira</i>	723,70
<i>ud. Ventá en plano de tellado - tipo velux</i>	255,00
<i>ud. Porta interior</i>	125,00
<i>m2. Substitución carpintería de madeira</i>	164,30

<i>m2. Substitución carpintería de aluminio</i>	<i>208,70</i>
<i>m2. Substitución carpintería de PVC</i>	<i>216,20</i>
<i>m2. Substitución carpintería metálica</i>	<i>89,00</i>
<i>m2. Peche metálico de seguridade (reixas)</i>	<i>123,75</i>
<i>m2. Acristalamento con vidro normal</i>	<i>42,60</i>
<i>m2. Acristalamento con vidro "Climalit"</i>	<i>96,10</i>
<i>m2. Acristalamento con vidro de seguridade</i>	<i>151,70</i>

Fachada

<i>m2. Chapeado de pedra ou mármore</i>	<i>85,70</i>
<i>m2. Rebocado</i>	<i>13,50</i>
<i>m2. Pintura exteriores</i>	<i>7,95</i>
<i>m2. Limpeza de fachadas</i>	<i>7,05</i>
<i>m2. Limpeza e rexuntado de fachadas</i>	<i>7,20</i>
<i>m2. Revestimento morteiro monocapa en exteriores</i>	<i>14,70</i>
<i>m2. Fronte de portal</i>	<i>121,00</i>
<i>m2. Reixa de seguridade</i>	<i>46,50</i>

Acabados interiores

<i>m2. Enfusado e alisado</i>	<i>11,25</i>
<i>m2. Azulexado</i>	<i>33,00</i>
<i>m2. Pavimento de cemento ou terrazo</i>	<i>21,45</i>
<i>m2. Pavimento de gres, PVC, linoleo ou similar</i>	<i>32,45</i>
<i>m2. Pavimento de pedra ou mármore</i>	<i>79,95</i>
<i>m2. Pavimento de madeira</i>	<i>44,40</i>
<i>m2. Pavimento tarima flotante</i>	<i>32,00</i>
<i>m2. Pavimento suelo radiante</i>	<i>71,00</i>

<i>ml. Banzo (peldaño) cerámico</i>	<i>15,00</i>
<i>ml. Banzo (peldaño) de madeira</i>	<i>35,00</i>
<i>ml. Banzo (peldaño) de granito</i>	<i>200,50</i>
<i>m2. Panelado de madeira</i>	<i>30,60</i>
<i>m2. Falso teito madeira</i>	<i>45,00</i>
<i>m2. Falso teito escaiola</i>	<i>16,80</i>
<i>m2. Pintura interiores</i>	<i>5,35</i>
<i>Ud. Extintor 6 Kg</i>	<i>46,00</i>

Instalacións

SANEAMENTO E ABASTECIMENTO

<i>ud. Arqueta de saneamiento</i>	<i>50,00</i>
<i>ml. Encanamento de saneamento enterrado</i>	<i>48,30</i>
<i>ud. Acometida domiciliar de saneamento</i>	<i>256,80</i>
<i>ud. Acometida domiciliar de auga</i>	<i>327,90</i>
<i>ud. Pozo de auga</i>	<i>2.260,00</i>
<i>m3. Depósito de auga</i>	<i>168,90</i>
<i>ud. Fose séptica para 6 persoas. (exceso 100 €/persoa)</i>	<i>1.490,00</i>

FONTANARÍA

<i>ud. Instalación aseo (sen sanitarios)</i>	<i>250,00</i>
<i>ud. Instalación baño (sen sanitarios)</i>	<i>450,00</i>
<i>ud. Instalación cociña</i>	<i>325,00</i>
<i>ud. Rede interior de auga fría e quente</i>	<i>625,40</i>
<i>ud. Lavabo con billame</i>	<i>175,60</i>
<i>ud. Bañeira ou prato de ducha con billame</i>	<i>192,40</i>

<i>ud. Bidé con billame</i>	<i>150,50</i>
<i>ud. Inodoro completo</i>	<i>167,30</i>
<i>ud. Urinario</i>	<i>160,50</i>
<i>ud. Fregadeiro con billame</i>	<i>180,00</i>
<i>ud. Lavadoiro con billame</i>	<i>260,50</i>
<i>ud. Quentador auga</i>	<i>250,00</i>
<i>ud. Termo eléctrico</i>	<i>275,00</i>
<i>ud. Conexión a rede xeral de auga</i>	<i>405,00</i>

GAS

<i>ud. Instalación de gas no interior da vivenda</i>	<i>350,00</i>
--	---------------

CALEFACCIÓN

<i>ud. Instalación calefacción. Mínimo ata 100 mt2. (exceso 15 €/mt2)</i>	<i>4.000,00</i>
<i>ud. Acumulador eléctrico ou radiador</i>	<i>125,00</i>

ELECTRICIDADE

<i>ud. Instalación electricidade. Mínimo ata 100 mt2. (exceso 10 €/mt2)</i>	<i>2.200,00</i>
<i>ud. Interruptor, toma de corrente, toma de TV ou de telefono</i>	<i>25,00</i>

ASCENSOR

<i>ud. Instalación de ascensor (mínimo) en edificio de planta baixa e tres altas</i>	<i>11.875,95</i>
<i>ud. Incremento por planta de instalación de ascensor</i>	<i>1.583,45</i>

GRÚA

<i>ud. Instalación de grúa</i>	<i>1.560,35</i>
--------------------------------	-----------------

Peches de fincas

<i>m1. Peche de estacas e arame</i>	13,40
<i>m2. Peche de madeira</i>	25,00
<i>m2. Peche de tea metálica con postes</i>	14,35
<i>m2. Peche de fábrica, ladrillo ou bloque, rebocado e pintado</i>	35,00
<i>m2. Peche con bloque acabado especial (split ou similar)</i>	48,30
<i>m2. Peche de cachotería ordinaria</i>	95,00
<i>m2. Peche de cachotería a xunta seca</i>	120,00
<i>m2. Peche con malla metálica</i>	7,50
<i>m2. Peche con bloque e tea metálica</i>	42,50
<i>m2. Celosía</i>	12,00
<i>m2. Reixa metálica ou fundición</i>	18,00
<i>m2. Peche metálico</i>	71,90
<i>m2. Peche fundición</i>	114,60
<i>m2. Porta entrada a parcela metálica</i>	112,90
<i>m2. Porta entrada a parcela de fundición</i>	259,30
<i>m2. Porta entrada a garaxe</i>	31,25
<i>Ud. Columna para contador luz ou auga</i>	150,00
<i>Ud. Entrada a parcela, incluíndo canalización</i>	484,00

Exterior locais comerciais

<i>m2. Toldo</i>	94,30
<i>m2. Marquesiña</i>	283,20
<i>m2. Rótulo opaco</i>	416,65
<i>m2. Rótulo luminoso</i>	576,85

m2. Carteleira publicitaria, valos, lonas e monopostes anunciadores 43,05

Locais comerciais

m2. Locais ata 50,00 mt2. 350,00

m2. Locais desde 50,01 até 150,00 mt2 300,00

m2. Locais maiores de 150,00 mt2 250,00

m2. Locais de hostalería 490,00

2. Con carácter excepcional, para construcións ou instalacións específicas como parques eólicos, encoros, tendidos eléctricos, etc., nos que non sexa posible empregar o sistema definido no parágrafo anterior, a base impositiva do Imposto determinarase en función do custo real e efectivo da construción, instalación ou obra recollido no orzamento presentado polo interesado, xunto coa solicitude de licenza ou comunicación previa. Non obstante, nestes casos o importe recollido nos devanditos orzamentos poderá ser revisado polos servizos técnicos municipais a efectos da presentación da autoliquidación correspondente polo solicitante.

3. A cota tributaria deste Imposto será o resultado de aplicar á base impositiva o tipo de gravame que será de dúas unidades corenta centésimas de unidade por cento (2,4 por 100)

4. Establécense como cotas mínimas as seguintes:

Por obras de nova planta e rehabilitacións. Criterio xeral 94,45 Euros

Por realización de outras obras 47,22 Euros

Estas cotas mínimas serán de aplicación cando as resultantes de acordo co apartado 2º deste artigo sexan inferiores. Tales cotas mínimas non serán de aplicación, non obstante, ás obras exclusivamente de ornato de fachadas, non contemplando as carpintarías, de vivendas no termo municipal.

5. Terase dereito a percibir o imposto no momento de iniciarse a construción, instalación ou obra, aínda cando non se obtivese a correspondente licenza ou non se presentase a comunicación previa.

Artigo 7. Bonificacións e deducións.-

1. Establécense unhas bonificacións do 25, 40 ou 55 % da cota do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras a favor das construcións, instalacións ou obras que se desenvolvan no casco histórico de Ribadeo e Rinlo, no ámbito das Areas de Rehabilitación Integral do casco histórico da Vila de Ribadeo e Rinlo, delimitado en cada momento polos convenios nesta materia vixentes asinados coa administración estatal e/ou autonómica, toda vez que se

considera que esas actuacións, unha vez concedida subvención polo Concello, revisten o carácter de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego que xustifican, conxunta ou illadamente, tal declaración, que será acordada a petición do suxeito pasivo polo Pleno da Corporación por maioría simple dos membros desta.

2. Establécense unhas bonificacións do 25, 40 ou 55 % da cota do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras a favor das construcións, instalacións ou obras correspondentes ás iniciativas locais de emprego, declaradas como tales por esta Entidade segundo a lexislación aplicable ou proxectos empresariais participados ou fomentados dende esta Entidade Local, toda vez que se considera que esas actuacións, revisten o carácter de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego que xustifican, conxunta ou illadamente, tal declaración, que será acordada a petición do suxeito pasivo polo Pleno da Corporación por maioría simple dos membros desta.

3. Establécense unhas bonificacións do 50% ou 90% da cota do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras a favor das construcións, instalacións ou obras que teñan lugar nos inmobles que se atopen dentro da catalogación de protección integral no PEPRICH/PXOM vixente en cada momento ou instrumento que o substitúa, en atención á súa complexidade para a rehabilitación polas grandes limitacións que recolle o planeamento, toda vez que se considera que esas actuacións, revisten o carácter de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego que xustifican, conxunta ou illadamente, tal declaración, que será acordada a petición do suxeito pasivo polo Pleno da Corporación por maioría simple dos membros desta.

A bonificación ordinaria será do 50%, non obstante cando se acredite polo solicitante que a finalidade da actuación redunda na creación de emprego, atendendo ao destino total ou parcial do inmovble, esta ascenderá ao 90%. A creación de emprego deberá ter lugar nun prazo máximo de 2 anos dende a finalización das construcións, instalacións ou obras, debendo manterse por un período similar, doutro xeito procederá o reintegro do importe bonificado en exceso xunto cos xuros correspondentes

4. Deducións. Establécese, asemade, como dedución da cota íntegra ou bonificada do Imposto, o importe satisfeito ou que deba satisfacer o suxeito pasivo en concepto de Taxa polo outorgamento da Licenza Urbanística correspondente á construción, instalación ou obra de que se trate e na que concorrera a declaración de especial interese ou utilidade municipal recollida nos apartados 1 a 3 do presente artigo, pola mesma porcentaxe que se autorice de bonificación en cada caso, ata o límite da cota restante do imposto unha vez aplicadas as bonificacións que procedan

5. A bonificación e a dedución establecidas nos anteriores parágrafos serán de aplicación, de ser procedentes, tanto ás liquidacións ou autoliquidacións provisionais coma definitivas do Imposto.

6. O procedemento de concesión da bonificación e no seu caso a dedución recollida nos parágrafos anteriores, iniciarase por solicitude do interesado á que deberá acompañar xustificación emitida pola Oficina de Rehabilitación, no que atinxe ás actuacións no casco histórico de Ribadeo ou Rinlo, acreditativa de que a actuación é obxecto de axuda.

Para as iniciativas locais de emprego, deberá acreditarse mediante informe do servizo de Emprego Local a concorrencia nas construcións, instalacións ou obras das circunstancias de especial interese ou utilidade municipal derivadas das circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou do fomento do emprego que se aleguen, para a ILE que se pretenda apoiar.

Para os inmobles catalogados no PEPRICH/PXOM ou documento análogo con protección integral, deberá achegarse xunto coa solicitude do interesado, informe dos servizos técnicos do concello no que se acredite o cumprimento da condición citada, e se se opta pola bonificación do 90%, xustificación documental suficiente de que a finalidade da construción, instalación ou obra redundará na creación de emprego. Neste caso, polos servizos técnicos municipais realizarase un seguimento do proceso para garantir que se cumpren os prazos sinalados no apartado terceiro.

A solicitude do suxeito pasivo, coa incorporación no seu caso dos informes procedentes, pasará ao Pleno da Corporación que por maioría simple dos seus membros acordará a concesión ou denegación da bonificación solicitada, e no seu caso da dedución sobre a cota bonificada, ponderando a totalidade das circunstancias concorrentes na petición efectuada e que esta reúna illada ou conxuntamente as circunstancias a que se fixo referencia, a cal oportunidade e fundamento serán de apreciación polo Pleno Corporativo.

O acordo municipal declarando o especial interese ou utilidade social da construción, instalación ou obra implicará a expedición dunha nova liquidación polos servizos municipais coa aplicación da bonificación do 25, 40, 50, 55 ou 90% á liquidación de que se trate, así coma no seu caso a dedución da cota íntegra do imposto do importe satisfeito ou que se deba satisfacer en concepto de taxa por licenza urbanística ata o límite da cota restante do imposto unha vez aplicadas as bonificacións que procedan.

7. *As anteriores bonificacións non se aplicarán simultaneamente*

8. *Establecese unha bonificación do 10% a favor das construcións, instalacións ou obras nas que se incorporen sistemas para o aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía solar para autoconsumo. A aplicación desta bonificación estará condicionada a que as instalacións para produción de calor inclúan colectores que dispoñan da correspondente homologación da Administración competente. Está bonificación ten carácter rogado, previa acreditación do cumprimento das condicións establecidas para a súa aplicación".*

Segundo.- Expoñer ao público no Taboleiro de Anuncios deste Concello o presente acordo provisional, e a redacción dos artigos da Ordenanza Fiscal, durante o prazo de trinta días hábiles, co fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas. A devandita exposición ao público anunciarase por edicto no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a contar o seu prazo a partir do día seguinte a aquel en que se produza a devandita publicación.

Finalizado o período de exposición pública, o concello adoptará os acordos definitivos que procedan, resolvendo as reclamacións que se presentasen e aprobará a redacción definitiva da ordenanza. No caso de que non se presentasen reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario.

Os acordos definitivos a que se refire o parágrafo anterior, incluíndo os provisionais elevados

automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro da ordenanza, publicaranse no boletín oficial da provincia, sen que entren en vigor ata que se leve a cabo a devandita publicación.-

O Sr.Alcalde explica que tanto este expediente como outro sobre a Ordenanza fiscal T10 teñen que ver con expedientes de rehabilitacion e mellora de edificios como se pode ver na proposta.

A Comisión Informativa, por unanimidade dos seus membros en votación ordinaria acorda prestar aprobación á Proposta de referencia nos propios termos da mesma.”

O Sr. Alcalde explica en que consisten as modificacións e pregunta se quere alguén opinar sobre este asunto non querendo intervir ninguén.

Sometido a votación o ditame resulta aprobado por unanimidade nos seus propios termos.

3.-EXPEDIENTE Nº2187/2017 RELATIVO Á MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL T10.

Por Secretaría dase conta do ditame da Comisión Informativa:

“Dase conta da proposta da Alcaldía que se transcribe:

PROPOSTA DA ALCALDÍA

Vista a proposta de modificación da ORDENANZA FISCAL NUMERO T10 reguladora da Taxa por tramitación de licencias urbanísticas e/ou comunicación previas esixidas pola lexislación do solo e por tramitación de Proxectos de Urbanización, autorización de guindastres, segregacións e agregacións, que figura no expediente, incluída na providencia de Alcaldía de data 28/06/2017.

Considerando que a modificación se orixina, como se recolle no informe do arquitecto municipal don Carlos Longarela Sanfiz de 28/06/2017, na intención de lograr que tódolos titulares de vivendas, con independencia do lugar do concello onde radiquen, realicen as obras de ornato e adementamento de fachadas a que están obrigados, propoñendo para iso que se estenda a todo o ámbito municipal a previsión contida no artigo 5.3 da ordenanza de non aplicar os tipos mínimos para esta categoría de obras, como xa ocorre no casco histórico.

Vistos os informes emitidos polos servizos técnicos municipais o 12/01/2017 e o 04/07/2017 e pola Intervención municipal de data 04/07/2017

En consecuencia, despois de examinar o expediente, enténdese que procede realizar unha modificación do artigo 5 da ORDENANZA FISCAL NUMERO T10 reguladora da Taxa por tramitación de licencias urbanísticas e/ou comunicación previas esixidas pola lexislación do solo e por tramitación de Proxectos de Urbanización, autorización de guindastres, segregacións e agregacións, de acordo co exposto.

Tendo en conta ademais os seguintes fundamentos xurídicos:

- Os apartados a) e b) do artigo 4.1 e o artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, que atribúen aos Municipios a potestade regulamentaria, tributaria e financeira.
- Os artigos 15 a 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, nos que se regula o procedemento para a imposición, ordenación e modificación dos tributos locais a través das correspondentes ordenanzas fiscais.
- O artigo 22.2,e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, que asigna ao Concello Pleno competencia para a determinación dos recursos propios de carácter tributario.
- Os artigos 20 a 27 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais onde se regula o réxime xurídico das taxas locais.

En consideración ao exposto, esta Alcaldía eleva á consideración do Concello Pleno a seguinte proposta:

Primeiro. – Aprobar con carácter provisional a modificación da ORDENANZA FISCAL NUMERO T10 reguladora da Taxa por tramitación de licencias urbanísticas e/ou comunicación previas esixidas pola lexislación do solo e por tramitación de Proxectos de Urbanización, autorización de guindastres, segregacións e agregacións, quedando os artigos modificados redactados do seguinte xeito:

“ORDENANZA FISCAL NUMERO T10 reguladora da Taxa por tramitación de licencias urbanísticas e/ou comunicación previas esixidas pola lexislación do solo e por tramitación de Proxectos de Urbanización, autorización de guindastres, segregacións e agregacións.

Artigo 5º. Cota tributaria.

1. A cota tributaria será o resultado de aplicar á base imponible determinada segundo o artigo anterior, o tipo de gravame xeral do 0,60 por 100 (cero sesenta por cento), agás no caso de licencias de primeira ocupación, que será do 0,10% (cero dez por cento).

2. Non obstante, cando a cota tributaria determinada segundo o apartado primeiro anterior resulte inferior aos mínimos que a continuación se sinalan, coa excepción recollida no número 3 deste artigo, aplicaranse estes:

<i>Por obras de nova planta e rehabilitacións. Criterio xeral</i>	<i>100,50- euros.</i>
<i>Por realización de outras obras</i>	<i>50,27- euros.</i>
<i>Por parcelación, segregación ou agregación</i>	<i>50,27- euros.</i>
<i>Por prórroga de licencias</i>	<i>50,27- euros.</i>

3. Non será de aplicación o establecido no número 2 anterior ás obras exclusivamente de ornato de fachadas, non contemplando as carpintarías, de vivendas en todo o termo municipal.”

Segundo.- Expoñer ao público no Taboleiro de Anuncios deste Concello o presente acordo provisional, e a redacción dos artigos da Ordenanza Fiscal, durante o prazo de trinta días hábiles, co fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas. A devandita exposición ao público anunciarase por edicto no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a contar o seu prazo a partir do día seguinte a aquel en que se produza a devandita publicación.

Finalizado o período de exposición pública, o concello adoptará os acordos definitivos que procedan, resolvendo as reclamacións que se presentasen e aprobará a redacción definitiva da ordenanza. No caso de que non se presentasen reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario.

Os acordos definitivos a que se refire o parágrafo anterior, incluíndo os provisionais elevados automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro da ordenanza, publicaranse no boletín oficial da provincia, sen que entren en vigor ata que se leve a cabo a devandita publicación.”

O Sr. Alcalde explica en que consiste a modificación.

A Comisión Informativa, por unanimidade dos seus membros en votación ordinaria acorda prestar aprobación á Proposta de referencia nos propios termos da mesma.

O Sr. Alcalde explica en que consisten as modificacións.

Sometido a votación o ditame resulta aprobado por unanimidade nos seus propios termos.

4.-EXPEDIENTE Nº 2210/2017 RELATIVO Á MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 10/2017.

Por Secretaría dase conta do ditame da Comisión Informativa:

“Dase conta da proposta da Alcaldía que se transcribe:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Visto o expediente incoado por esta Alcaldía para a aprobación da modificación de crédito número 10/2017 do Orzamento Xeral do exercicio 2017 e tendo en conta os seguintes antecedentes de feito:

- Que na providencia de Alcaldía de inicio de data 29/06/2017 xustificase o motivo da tramitación deste expediente mediante unha relación das aplicacións orzamentarias do

Estado de Gastos que precisan aumentarse, que en concreto son as que forman parte do expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito nº 03/2017, tendo en conta que a necesidade de maior consignación nestas provén da obriga de recoñecer as obrigas de exercicios anteriores que se inclúen en dito expediente e que se sinalan a continuación, que non poden demorarse ata o exercicio seguinte, atendendo ao recollido no artigo 187 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e artigo 216.4 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro.

TERCEIRO	CONCEPTO	IMPORTE
ASOCIACIÓN PUENTE DE LOS SANTOS G27271626	Achega 3º trimestre de 2016 (parcial). NRE 2016-E-RC-12679 de 08/11/2016	2.721,89 €
ASOCIACIÓN PUENTE DE LOS SANTOS G27271626	Achega 4º trimestre de 2016. NRE 2016-E-RC-14253 de 20/12/2016	4.240,63 €
FERNANDEZ POUSADA SL B27419365	Pozo de tormentas polígono. NRE 2017-E-RC-337	139,37 €
COFRICO SL B27024546	Reparacións en residencia de maiores de Ribadeo. NRE 2017-E-RC-50	525,53 €
ANDAMIAXE INNOVA SL B70089891	Representación teatral "O Segredo de Uxía" e "Pementeirás". NRE 2017-E-RC-5333	2.500,00 €
TOTAL		10.127,42 €

- Que o importe total da proposta de modificación que formula a Alcaldía ascende á cantidade de dez mil cento vinte e sete euros e corenta e dous céntimos (10.127,42 €), e finánciase co remanente de tesourería para gastos xerais obtido da liquidación do Orzamento Xeral do exercicio 2016, aprobada por Resolución de Alcaldía de data 23/03/2017.

Visto o informe de Intervención emitido o día 29/06/2017 e considerando os seguintes fundamentos xurídicos:

- Os artigos 169, 177 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, que regulan os expedientes de crédito extraordinario e suplemento de crédito, que se complementan nos artigos 35 a 38 do Real Decreto 500/1990 do 20 de abril, polo que se aproba o Regulamento Orzamentario e nas Bases de Execución do Orzamento.
- Artigo 32 e disposición adicional sexta da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Substentabilidade Financeira, relativos ao posible destino do superávit orzamentario, que entre outros prevé a súa aplicación para atender as obrigas pendentes de aplicar a orzamento e a cancelar, con posterioridade, o resto de obrigas pendentes de pago con provedores, contabilizadas e aplicadas ao peche do exercicio anterior.

De conformidade co exposto propónse ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO. - Aprobar con carácter inicial o expediente número 10/2017 de modificación do Orzamento Xeral de 2017 por importe de dez mil cento vinte e sete euros e corenta e dous céntimos (10.127,42 €), na modalidade de suplemento de crédito e crédito extraordinario financiado co remanente de tesourería para gastos xerais obtido da liquidación do Orzamento Xeral do exercicio 2016, segundo se detalla nas táboas que de seguido se reflicten:

MODIFICACIÓN NÚMERO 10 DO ORZAMENTO XERAL DO EXERCICIO 2017 POR SUPLEMENTO DE CRÉDITO.

APLICACIÓNS DE GASTOS AFECTADAS.

PARTIDA	IMPORTE ACTUAL	MODIFICACIÓN	DEFINITIVO
170.22699	3.000,00	139,37	3.139,37
312.21300	0,00	525,53	525,53
337.22699	68.424,26	2.500,00	70.924,26
439.78100	6.000,00	6.962,52	12.962,52
TOTAL MODIFICACIÓN CRÉDITO 10/2017			10.127,42

FINANCIAMENTO DO EXPEDIENTE

ESTADO DE INGRESOS			
CONCEPTO	IMPORTE ACTUAL	MODIFICACIÓN	DEFINITIVO
87000	665.000,00	10.127,42	716.441,31
TOTAL MODIFICACIÓN CRÉDITO 10/2017			10.127,42

SEGUNDO. – Expoñer este expediente ao público mediante anuncio inserto no taboleiro de edictos do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

Se durante este período non se presentarán alegacións polos interesados, entenderíase que a modificación de crédito foi definitivamente aprobada; no caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolver as alegacións presentadas.

Aprobada definitivamente polo Pleno do Concello, dita modificación do Orzamento será publicada, resumida por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia, tal e como establecen os artigos 70.2, en relación co artigo 112.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e o artigo 169.3 do Real Decreto Legislativo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Simultaneamente a este envío, remitirase copia do expediente á Comunidade Autónoma e á Administración do Estado.

Explicase por Secretaría que ten relación directa este asunto co seguinte relativo ao REC 3/2017.

O Sr. Alcalde explica en que consiste o asunto informando tamén o Sr. Interventor.

A Comisión Informativa, por seis votos a favor (dos membros do BNG e Grupo Mixto) dous en contra (dos membros do Grupo Popular) e unha abstención (do membro do Grupo do PSG-PSOE) acorda prestar aprobación á Proposta de referencia nos propios termos da mesma.

O Sr Alcalde manifesta que este punto está relacionado co seguinte e pregunta se algún quere intervir.

Don Jesús López Penabad, do Grupo Popular indica que se manteñen no dito na comisión informativa.

Sometido a votación o ditame resulta aprobado nos seus propios termos por once votos a favor (dos membros dos Grupos do BNG e Cidadáns-Mixto) dúas abstencións (dos membros do PSG-PSOE) e catro en contra (dos membros do Grupo Popular).

5.-EXPEDIENTE Nº 2210/2017 RELATIVO A RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO 03/2017

Por Secretaría dase conta do ditame da Comisión Informativa:

“Dase conta da proposta da Alcaldía que se transcribe:

“PROPOSTA DE APROBACIÓN DE RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS

En aplicación do disposto no artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se aproba o Regulamento Orzamentario, que sinala que o recoñecemento de obrigas correspondentes a exercicios anteriores que, por calquera causa, non fosen liquidadas naqueles aos que correspondían, é competencia do Pleno da Corporación no caso de que non exista consignación Orzamentaria específica.

Tendo en conta que neste caso sería necesaria a existencia do seguinte volume de crédito nas Bolsas de Vinculación xurídica que se sinalan a continuación, do vixente Orzamento Xeral da Corporación para o exercicio 2017:

Bolsa Vinculación	Denominación	C. Disponible	Importe REC
-------------------	--------------	---------------	-------------

		2017	03/2017
1.2	Servizos públicos básicos. Gastos en bens correntes e de servizos	942.068,28	139,37
3.2	Produción de bens públicos de carácter preferente. Gastos en bens correntes e de servizos	118.564,85	3.025,53
4.7	Actuacións de carácter económico. Transferencias de capital	6.000,00	6.962,53
TOTAL REC 03/2017			10.127,42

Considerando que se está a tramitar en paralelo a este expediente a modificación de crédito 10/2017, financiada con remanente de tesourería, para dar cobertura ao crédito preciso na bolsa de vinculación 4.7

Visto e considerando o informe con reparos nº 089/2017 emitido polo Interventor Municipal de data 03/07/2017

Considerando que os gastos recollidos nas facturas e demais documentos acreditativos do gasto realizado que se conteñen no expediente corresponden a prestacións que foron efectivamente ordenadas e requiridas polo Concello de Ribadeo, foron executadas a satisfacción deste constando a correspondente conformidade, os seus importes se axustan ao pactado e/ou ao mercado, ou ben se corresponden con acordos de integración en asociacións adoptados polo pleno municipal e os importes son acordos coas achegas establecidas polos órganos de goberno destas entidades asociativas, e non aprobalos suporía un enriquecemento inxusto.

Por todo o anterior, esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Resolver os reparos efectuados pola intervención no seu informe nº 089 de 03/07/2017

Segundo.- Aprobar o recoñecemento extraxudicial de créditos por importe de **3.164,90 euros**, correspondentes aos gastos de exercicios anteriores que se indican a continuación e figuran os seus respectivos soportes materiais no presente expediente, aplicando con cargo ao Orzamento Xeral municipal para o exercicio 2017 os créditos recoñecidos, imputándoos ás partidas correspondentes, segundo o sinalado na relación de facturas 36/2017:

TERCEIRO	CONCEPTO	IMPORTE
FERNANDEZ POUSADA SL B27419365	Pozo de tormentas polígono. NRE 2017-E-RC-337	139,37 €
COFRICO SL B27024546	Reparacións en residencia de maiores de	525,53 €

	Ribadeo. NRE 2017-E-RC-50	
ANDAMIAXE INNOVA SL B70089891	Representación teatral "O Segredo de Uxía" e "Pementeiros". NRE 2017-E-RC-5333	2.500,00 €
TOTAL		3.164,90 €

Segundo.- Aprobar o recoñecemento extraxudicial de créditos por importe de **6.962,52 euros**, correspondentes aos gastos de exercicios anteriores que se indican a continuación e figuran os seus respectivos soportes materiais no presente expediente, **condicionando a súa eficacia á vixencia da modificación de crédito 10/2017 do Orzamento Xeral de 2017 que se tramita en paralelo**, aplicando os créditos recoñecidos no momento desta vixencia ás partidas correspondentes, segundo o sinalado na devandita modificación:

TERCEIRO	CONCEPTO	IMPORTE
ASOCIACIÓN PUENTE DE LOS SANTOS G27271626	Achega 3º trimestre de 2016 (parcial). NRE 2016-E-RC-12679 de 08/11/2016	2.721,89 €
ASOCIACIÓN PUENTE DE LOS SANTOS G27271626	Achega 4º trimestre de 2016. NRE 2016-E-RC-14253 de 20/12/2016	4.240,63 €
TOTAL		6.962,52 €

No caso de que non chegase a aprobarse definitivamente a modificación de crédito 10/2017, perderá eficacia este recoñecemento extraxudicial, debendo novamente dotarse a consignación precisa e adoptarse o correspondente acordo plenario.

A Comisión Informativa, por seis votos a favor (dos membros do BNG e Grupo Mixto) dous en contra (dos membros do Grupo Popular) e unha abstención (do membro do Grupo do PSG-PSOE) acorda prestar aprobación á Proposta de referencia nos propios termos da mesma.

O Sr. Alcalde explica o seu contido e indica que seguramente no próximo pleno haxa recoñecementos extraxudiciais de crédito.

Sometido a votación o ditame resulta aprobado nos seus propios termos por once votos a favor (dos membros dos Grupos do BNG e Cidadáns-Mixto) dúas abstencións (dos membros do PSG-PSOE) e catro en contra (dos membros do Grupo Popular).

6.- EXPEDIENTE N.º1589/2017 RELATIVO Á MODIFICACIÓN DAS BASES DO ORZAMENTO MUNICIPAL DE 2017

Por Secretaría dase conta do ditame da Comisión Informativa:

“Dase conta da proposta da Alcaldía que se transcribe:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á MODIFICACIÓN DO ARTIGO 54 DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO DE RIBADEO PARA 2017

Visto que o dentro das subvencións nominativas recollidas no Orzamento Xeral de 2017 figura unha por importe de 11.250,00 euros para a COMISIÓN DE FESTAS PATRONAIS DE RIBADEO, que como o seu título indica estaba destinada a financiar os gastos da organización das citadas festas.

Tendo en conta que, polos motivos que seguen é preciso incrementar o importe destinado a esta finalidade, que neste caso se destinará á ASOCIACIÓN CULTURAL SANTA MARÍA DO CAMPO E SAN ROQUE, con CIF G27490747, de recente creación:

1. En primeiro lugar recóllese o pulso popular da cidadanía, que maioritariamente pretende que as festas da patroa do concello volvan ao seu lugar habitual e tradicional de celebración, é dicir, no parque de San Francisco e inmediacións, sen prexuízo doutros espazos complementarios da vila. Isto evidentemente orixinará menos superficie dispoñible para postos, casetas, atraccións, etc., co conseguinte prexuízo na recadación que a organización vén conseguindo para financiar parcialmente as festas. Isto provoca a necesidade dunha implicación económica máis elevada por parte do concello.
2. Por outra banda, a xestión realizada polo equipo de goberno nestes últimos meses para conseguir que un grupo de xente asumise a carga da organización das festas patronais, non tivo un resultado positivo ata datas recentes, onde se conseguiu que un pequeno pero competente grupiño de veciños puidese aceptar este compromiso. Isto orixina a urxencia e a non previsión no orzamento inicial da contía máis elevada que agora se pretende establecer.
3. O tempo restante dende a data actual ata o mes de setembro en que teñen lugar as festas non é moi elevado para que a asociación que se encargará da organización teña tempo para as labores usuais de recadación de fondos que adoitan levar a cabo (libro de festas, achegas de comerciantes e particulares, eventos culturais e gastronómicos, sorteos, rifas, etc.), por iso enténdese tamén dende este punto de vista que é preciso un aumento da achega municipal, para conseguir que a festa da patroa conte co mínimo nivel de calidade ao que están afeitos os ribadenses.

Visto o informe emitido polo interventor municipal en data 28/06/2017

Considerando que a inclusión desta nova axuda é acorde co recollido no plan estratéxico de subvencións para o exercicio 2017.

Considerando a seguinte normativa aplicable ao caso que nos ocupa:

- Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, TRLRFL
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións

- Artigos 22.2.e) e 47 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- Base 54 das de Execución do Orzamento Xeral do Concello de Ribadeo para o exercicio 2017.

Tendo en conta estes antecedentes e vistas as atribucións concedidas pola lexislación de réxime local, propoño ao Pleno Municipal

PRIMEIRO. – Modificar o artigo 54 das bases de execución do orzamento xeral para o exercicio 2017, de acordo co seguinte:

Suprímese a seguinte axuda nominativa:

FESTAS POPULARES E FESTEXOS

338.48900- Comisión de Festas Patronais de Ribadeo. 11.250,00 €

E inclúese a seguinte axuda nominativa:

FESTAS POPULARES E FESTEXOS

338.48900- ASOCIACIÓN CULTURAL SANTA MARÍA DO CAMPO E SAN ROQUE G27490747.
Organización festas patronais de Ribadeo 25.000,00 €

SEGUNDO. - Expoñer este expediente ao público mediante anuncio inserto no taboleiro de edictos do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, por prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

Se durante este período non se presentarán alegacións polos interesados, entenderíase que a modificación foi definitivamente aprobada; no caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolver as alegacións presentadas.

Aprobada definitivamente polo Pleno do Concello, dita modificación das bases de execución será publicada, no Boletín Oficial da Provincia, tal e como establecen os artigos 70.2, en relación co artigo 112.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e o artigo 169.3 do Real Decreto Lexislativo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Simultaneamente a este envío, remitirase copia do expediente á Comunidade Autónoma e á Administración do Estado.

A Comisión Informativa, por unanimidade dos seus membros en votación ordinaria acorda prestar aprobación á Proposta de referencia nos propios termos da mesma.

O Sr. Alcalde explica que se falou na Comisión Informativa que na comisión de festas había moi pouca xente e que se van facer cambios nas festas, celebrándoas no Parque municipal e que se vai aumentar a cantidade da subvención para as mesmas. Indica que na comisión xa foi unánime a votación.

Sometido a votación o ditame resulta aprobado por unanimidade nos seus propios termos.

7.-EXPTE. N.º.2293/2017 RELATIVO A PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE PETICIÓN DE SUBVENCIÓN Á XUNTA DE GALICIA PARA FINANCIACIÓN OBRAS DE SANEAMENTO MUNICIPAL.

Por Secretaría dase conta do ditame da Comisión Informativa:

“Dase conta da proposta da Alcaldía que se transcribe:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA

De todos é coñecida a necesidade de que o territorio onde se asenta a poboación teña uns sistemas de saneamento acordes coa época que lle toca vivir. Para iso, no Concello de Ribadeo existen dúas situacións ben diferentes. Por unha banda, os ámbitos urbanos da Vila de Ribadeo dispoñen desde hai moito tempo con redes de saneamento que se atopan, sen perxuízo de mellora, nun estado de conservación aceptable. Non así se pode dicir o mesmo no ámbito dos núcleos rurais, onde agás contados exemplos, a ausencia de saneamento é a característica mais salientable.

Hai uns 14 anos, desde a Xunta de Galicia empezou a traballar de xeito coordinado con este Concello para ir creando redes xerais e outras secundarias para ir achegando o saneamento ás nosas parroquias do rural. Así se acometeron importantes obras de saneamento durante o período 2004-2009 como puido ser a acometida entre a Devesa e a actual EDAR de Vilaselán, asumidas ao cento por cento por parte da Xunta de Galicia.

Como exemplo do que ía sendo e logo non foi pódese sinalar o acontecido no ano 2008, onde o Concello de Ribadeo contou por escrito co compromiso da Xunta de inverter 200.000€ mais nas redes de saneamento secundarias, para o que o Concello propuxo unha actuación no lugar de Dompniñor (Piñeira). Esta actuación da que se chegou a enviar o proxecto á Xunta de Galicia coa aprobación do Pleno Municipal foi posteriormente rexeitada unha vez se produciu un cambio político no goberno autonómico. Posteriormente, no ano 2011, o Pleno do Concello demandoulle á Xunta o compromiso incumpido, sen que até o día de hoxe se soubese mais nada.

Diante de toda esta situación vivida nos últimos anos, este Concello foi acometendo actuacións paulatinamente ben con fondos propios municipais ou ben con outras achegas, fundamentalmente da Deputación de Lugo e do Estado, como foron as seguintes ampliacións do saneamento para conexión coa EDAR de Ribadeo en Vilaselán:

- Primeiro tramo do saneamento de Folgosa (que financiou o Estado a través dun Plan E).
- Saneamentos de Cinxe e A Rochela (que sufragou parcialmente a Deputación de Lugo a través dun POS).

- Saneamento de Vilaframil (que volveu a financiar o Estado).
- Instalación de Depuradora en Vilela (financiada polo Estado).
- Instalación de Depuradora entre Folgosa e Dompíñor (financiada polo Concello)
- Actualmente estase a tramitar o saneamento en San Xillao e Piñeira (que será financiado principalmente con fondos propios).

Cabe destacar, como única aportación ao longo deste último decenio por parte da Xunta, a instalación de dúas pequenas depuradoras en Porto de Abaixo (Vilaousende) e Reme de Arriba (Covelas) por ter que obrigatoriamente invertir algo en Ribadeo por mor duns fondos consignados para a Reserva da Biosfera da que forma parte Ribadeo.

Logo de ver ademais que segundo a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia crease o *coeficiente de vertido* a sistemas públicos de depuración de augas residuais, tributo propio da Comunidade Autónoma de Galicia con natureza de taxa, destinado ao financiamento dos gastos de explotación e, no seu caso, de inversión das infraestruturas de depuración que xestione a Administración Hidráulica de Galicia.

E viisto igualmente que nos últimos tempos a Xunta de Galicia ven asinando convenios de colaboración con distintos Concellos, segundo se pode ver en sucesivas publicacións no Diario Oficial de Galicia, para acometer actuacións de mellora e ampliación do abastecemento, e nas que o Concello de Ribadeo sempre queda deliberadamente á marxe, a pesares dos numerosos escritos enviados do Concello á Xunta solicitando compromiso económico.

Vistas as emendas ao estado de gastos do Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma galega que para esta ano 2017 e para os inmediatamente anteriores son presentadas polo BNG nas que se incluían diversas actuacións específicas de saneamento nas parroquias do Concello de Ribadeo, e que finalmente foron rexeitadas pola Comisión pola maioría parlamentaria do Partido Popular no Parlamento Galego.

Visto que o poder de actuación do Concello é moi pequeno neste ámbito e tendo en conta que a Xunta recada sobre 200.000 € anuais en Ribadeo polo coeficiente de vertido, compre recibir do goberno autonómico un apoio que non se está a sentir en Ribadeo, cando menos, invertendo a taxa recadada integramente neste Concello.

PROPONSE ao Pleno, a adopción do seguinte acordo:

- Requirirle á Xunta de Galicia, a través da súa Administración Hidráulica, unha inversión económica para a continuación da ampliación de saneamento nas parroquias deste Concello , a través dun Plan de Saneamento, de cando menos 500.000 € para este exercicio 2017. “.

O Sr.Alcalde explica que a proposta se presenta a raíz dos últimos plenos donde se comentaba a participación da Xunta en obras e servizos municipais e que estiman moi necesario e convinte estas actuacións.

O Sr. López Penabad manifesta que van ser coherentes e que van votar a favor aínda que lles gustaría que se concretara ou especificara un pouco mais.

A Comisión Informativa, por unanimidade dos seus membros en votación ordinaria acorda prestar aprobación á Proposta de referencia nos propios termos da mesma.

O Sr. Alcalde explica o condido do punto pregunta se alguén quere debatir esta proposta.

Sometido a votación o ditame resulta aprobado por unanimidade nos seus propios termos.

8.-EXPEDIENTE Nº 2189/2017 RELATIVO Á PROPOSTA DA ALCALDÍA A INSTANCIAS DO COLEXIO DE AVOGADOS DE LUGO PARA MOSTRAR O REXEITAMENTO Á CREACIÓN DUN XULGADO UNIPROVINCIAL PARA COÑECEMENTO EXCLUSIVO DE ASUNTOS RELATIVO ÁS CLÁUSULAS CHAN.

Por Secretaría dase conta do ditame da Comisión Informativa:

“Dase conta da proposta da Alcaldía que se transcribe:

“PROPOSTA DA ALCALDIA-PRESIDENCIA.-

“Visto o contido do escrito recibido da Xunta de Goberno do Il. Colexio Oficial de Avogados de Lugo en relación coa problemática xurdida a raíz da creación dun Xulgado uniprovincial para as cláusulas solo, sinalando que se trata da adhesión ao acordo adoptado polo Consello Xeral da Avogacía Española no Pleno celebrado en Barcelona o pasado 19 de maio de 2017 que representa aos 83 colexios de avogados de España.

O colexio sinala así tamén o rexeitamento mostrado polo Consello da Avogacía Galega que recorda, supón unha medida contraria ao criterio xeneralizado dos xuíces galegos dado que tal decisión non só contravén as normas procesuais en materia de competencia territorial en prexuízo do cidadán, ao que obriga a renunciar ao fuero predeterminado pola lei, senón que tal medida en absoluto conleva unha maior axilidade e eficacia na tramitación e resolución dos procesos xudiciais que se plantexen, tal e como se demostrou anteriormente coa creación dos xulgados especializados en materia de participacións preferentes e débeda subordinada; todo o contrario, indican, xa que os xulgados dos 45 partidos xudiciais galegos, gracias ao esforzo, tanto de xuíces como de letrados da administración e funcionarios, demostraron unhas tempos de resolución óptimos en contraposición ao colapso sufrido polos xulgados especializados, co conseguinte prexuízo ao cidadán.

Estimándose por esta Alcaldía que é un asunto preocupante para unha parte importante da poboación deste termo municipal de Ribadeo, que precisa de respostas axeitadas das Institucións oficiais afectadas.

PROPONSE ao Pleno Municipal,

A adopción de acordo plenario no senso de mostrar o rexeitamento á creación do Xulgado uniprovincial, interesando que se deixe sen efecto o criterio do Consello Xeral do Poder Xudicial.”

O Sr. López Penabaz manifesta que a xustiza debe ser independente e que ao ser un tema de especialización para darlle saída a asuntos moi concretos indica que non deben intervir e polo tanto o seu grupo vai absterse.

A Comisión Informativa, por sete votos a favor (dos membros do BNG,PSG-PSOE e Ciudadanos-Mixto) e dúas abstencións (dos membros do Grupo Municipal Popular) acorda prestar aprobación á Proposta de referencia nos propios termos da mesma.

O Sr. Alcalde explica o contido do escrito recibido. Abrese un turno de debate.

Don Jesús López Penabad, concelleiro do Grupo Popular indica que non lle parece pertinente meterse en temas de xustiza.

Sometido a votación o ditame resulta aprobado por trece votos a favor (dos membros dos Grupos do BNG, PSG-PSOE e Ciudadanos-Mixto) e catro abstencións(dos membros do Grupo Popular) nos seus propios termos.

DECLARACION DE URXENCIA.-

Pola Alcaldía-Presidencia sinálase que se vai ausentar do Salón de Plenos porque deberá tratarse un asunto con carácter de urxencia debido aos prazos legais e que lle afecta de forma persoal relativo á recusación formulada por unha persoa sobre él mesmo e o arquitecto municipal acerca de expediente administrativo que se tramita no Concello.

Sendo as 20,52 h. auséntase do Salón de sesións o Sr.Alcalde.

Pasa a presidir a sesión a Primeira Tenente Alcalde Dona Ana maría Martínez Fernández que sinala que se vai someter a urxencia o asunto relativo á abstención da Alcaldía no procedemento que se indica e pasa a palabra ao Sr.Secretario.

Por Secretaría dase conta do informe-proposta que se transcribe:

“INFORME-PROPOSTA DE SECRETARÍA.-

Visto expediente promovido por D. Ignacio Samper Cimorra de recusación del Sr.Alcalde-Presidente D. Fernando Suárez Barcia y del Arquitecto municipal D. Francisco M. Moreda Gil en relación con procedimiento administrativo que se tramita en este Ayuntamiento relativo a licencia de primera ocupación para inmueble sito en la calle Ibañez, 27 promovido por el mismo titular.

Visto escrito formulado por el Sr.Alcalde-Presidente en el que se señala:

“PRIMEIRA.- É absolutamente falso todo o dito a respecto de min no escrito de data 27/06/2017 asinado polo Sr. Ignacio Samper Cimorra, xa que nin formo parte de ningunha trama, nin estou en convivencia con ninguén para non aplicar estritamente a lei, nin por suposto o meu patrimonio é desproporcionado, tal e como se manifesta, en comparación cos ingresos da miña unidade familiar.

SEGUNDA.- Deixar claro que non teño a condición de investigado, nin teño coñecemento de ningunha dilixencia contra min levada a cabo por ningún Xulgado en ningún procedemento xudicial, nin teño esta condición tampouco na querela que o señor Samper Cimorra axunta e di ter presentado hai mais dun ano. E deixar claro tamén que o que se está a facer é unha manobra torticeira para conseguir pola vía administrativa a miña non participación en calquera asunto que lle competa.

TERCEIRA.- Ata o momento do traslado do escrito presentado por este señor, non existía no meu ánimo nin parcialidade nin enfrontamento algún con el, o seu arquitecto ou a súa esposa. Dito o cal, resulta evidente que non podo deixar pasar por alto o atropelo ao meu bo nome e reputación, nin as mentiras e falsidades vertidas no seu escrito, de xeito que anuncio xa o inicio de accións legais contra el en defensa da miña honra, sendo esta a única causa da miña abstención, que haberá de ter efectos a partir deste momento e que quero deixar claro que xamais existiu previamente.

Polo exposto, e evacuando o traslado, **veño absterme no procedemento de concesión de licenza de primeira utilización** solicitada por D. Ignacio Samper Cimorra, nº exp. 2157/2015, de acordo co previsto no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro.”

Visto lo dispuesto en los artículos 23 y 24 de la vigente Lei 40/2015, de 1 de octubre de Régimen Jurídico del Sector Público y 180 y ss. del Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de noviembre,

Esta Secretaría emite el siguiente INFORME PROPUESTA:

1º.- Estimar, conforme a la legislación citada, la abstención formulada por el Sr.Alcalde-Presidente D. Fernando Suárez Barcia en el expediente administrativo de referencia, debiendo adoptarse acuerdo municipal por parte del Pleno de la Corporación, como órgano superior jerárquico, en este sentido por los motivos expuestos.

2º. Notificar la resolución que se adopte a don Ignacio Samper Cimorra a los efectos legales procedentes.”

Sometido a votación a urxencia resulta estimada a mesma por unanimidade dos membros presentes.

O Concelleiro do Grupo Popular Sr. Estevez Fernández sinala que necesitaría mais tempo para poder examinar o asunto.

Sometida a votación o informe-proposta de referencia transcrito anteriormente resulta aprobado por unanimidade dos membros presentes acordandose, en consecuencia, estimar a abstención no procedemento que se cita do Sr.Alcalde-Presidente D.Fernando Suárez Barcia.

Sendo as 20,59 h. regresa ao Salón de sesión o Sr.Alcalde-Presidente D.Fernando Suárez Barcia que pasa a presidir a sesión.

9.- CONTROL DOS ÓRGANOS DA CORPORACIÓN (ART. 46.2 DA LEI 7/1985, DE 2 DE ABRIL, REGULADORA DAS BASES DE RÉXIME LOCAL). DACIÓN DE CONTA DE DECRETOS DITADOS POLA ALCALDÍA-PRESIDENCIA ENTRE O 1 DE ABRIL E O 31 DE MAIO DE 2017. (EXPEDIENTE Nº. 1796/2016). MOCIÓNS. ROGOS E PREGUNTAS.

A Corporación dase por enterada da relación de Decretos ditados pola Alcaldía-Presidencia nas datas que se citan.

ROGOS E PREGUNTAS.-

Por parte da Concelleira Sra. Saiz García do Grupo Mixto-Cidadáns snálase que non vai formularse ningún rogo nin pregunta.

DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA.-

A concelleira Dona Aurora González Ginzo, respecto da colocación da placa na Rúa Buenos Aires, onde estivo o Embaixador de Arxentina, indica que lle parecería bo que o discurso fose en castelán para para as persoas que non entenden o Galego poidan comprendelo.

O Sr. Alcalde di que o galego non é un idioma tan complicado para non entendelo, como pode ser o euskera, e explica que antes do acto lle leeu ao embaixador o texto traducido ao castelán para que se enterase.

A Sra. González Ginzo pregunta se só llo leu ao embaixador o texto.

O Sr. Alcade contéstalle que tamén llo leeu ás persoas que o acompañaban

A Sra. González Ginzo, manifesta que descoñecía eses feitos e que se alegra de que fose así

Dona Ana María Martínez, concelleira delegada de turismo e desenvolvemento local intervén e indica que ela estivo presente nesa reunión e que todas as persoas entendían perfectamente o galego.

Dona Aurora González reitera que se alegra de que puidesen escoitar ao Sr. Alcalde en castelán.

Don Xosé Farruco Graña, concelleiro delegado de Cultura di que a hospitalidade non é cuestión de lingua, pero que por motivos de comprensión a esas persoas se lles explicou de que trataba; indica que a Margaret Thatcher non se lle lían os discursos en inglés cando viña a Madrid e que iso non é falta de educación

Dona Aurora González di que ela tiña tradutores.

O concelleiro Sr. Graña Rama contéstalle que eles lle explicaron antes o contido e di que él que quería explicar o asunto, porque o bilingüismo non ten que significar renunciar ao galego, porque nun acto público hai que usar o galego, que é o que nos destaca.

Dona Aurora volve decir que descoñecía que se lle explicara o acto en castelán e que sendo así lle parece ben.

A continuación reitera a petición do seu Grupo dun Regulamento de participación cidadá para que as persoas poidan ter voto nos plenos e falar dos asuntos que lles preocupan; reitera tamén a petición da publicación íntegra dos plenos na web municipal.

O Sr. Alcade explica que agora hai unha persoa contratada no telecentro por un tempo e que vai axudar a modificar e actualizar a web municipal.

Dona Aurora González pregunta se iso significa que se van colgar os Plenos.

O Sr. Alcalde contéstalle que significa que van ir mellorando a páxina.

Dona Aurora González di que nalgúns actas non se reflexa con total exactitude; opina que pode ser debido a que son plenos longos e que é imposible, pero que se omiten parte dos discursos da oposición que sería interesante que aparecieran nas actas.

O Sr. Alcalde dille que o poder político insitucional nin redata as actas nin as asina; explica que isto é como nun certificado de empadramento.

Intervén de novo a Sra. concelleira do PSG-PSOE Dona Aurora González e manifesta que respecto do aumento de diñeiro para as festas de Ribadeo, di que é interesante tomar nota do reparo do Interventor, que sería bó crear un órgano tipo do Padroado de Ribadeo, para establecer un control axeitado dos ingresos e gastos das comisións.

O Sr. Alcalde explica que as figuras do Padroado Municipal son inexistentes, que poden levar ese nome igual que se lles pode chamar Irmandade, pero que non existe. Indica que crear unha figura similar tamén crearía máis reparos.

Dona Aurora González di que debe existir algún xeito de estudalo.

O Sr. Alcalde contéstalle que ao mellor para a seguinte corporación se pode facer.

Dona Aurora González dille que non a verá neso.

A continuación manifesta a mesma concelleira que en Vilaframil hai unas hervas de gran altura, sobretudo nos cruces, e propón que se deberían limpar, xa que a máquina só pasa unha vez e que alí toca antes das festas. Di que nas outras parroquias debe pasar algo parecido.

O Sr. Alcalde contésta que todas as parroquias teñen a mesma mala sorte, porque a máquina funciona 11 meses, menos un mes de vacacións do operario. Di que na primavera medra moito a herva e que é imposible ter todo como unha patena, aínda que tiveran cinco tratores, porque debido á humidade e ao clima nesa época medra moitísimo a herva; indica que pasado o verán se volve á normalidade e que é mentira que a máquina só pase unha vez.

Don Vicente Castro Reigosa, Concelleiro delegado de infraestruturas, explica que a tradición dos habitantes do rural sempre foi segar e rozar en setembro, xa que se segaban en xuño, en xullo volvían a ter a herva igual; indica que iso se facía porque en setembro a herva tiña o pe duro e entón ao segala xa aguantaba toda a temporada.

Tamén explica, a parte disto, que teñen contratados 500 km de tractor do servizo de incendios, ademáis do que fai o tractor municipal; indica que hai zonas que xa foron rozadas en abril e que agora volven ter herva debido á climatoloxía. Di que este ano se mellorou o servizo e que pouco a pouco se vai a ir mellorando, pero que é moi probable que en setembro haxa moitas zonas cheas de herva. Di que habería que invertir moito diñeiro para ter todo perfecto, pero que aínda así non se pode garantir que o vaia estar.

Indica que antes a xente cuidaba a zona na que vivía, o estado das cunetas e camiños, pero que agora non é así.

Dona Aurora González sinala que aos veciños lles gustaría máis ter limpas as zonas dos cruces, debido á visibilidade.

A continuación di que lle comentaron que a baixada ao Cargadeiro está toda chea de silvas, que falta un salvavidas e que supoñen que foi un roubo.

Seguindo coa limpeza, di que se lle queixan de moitos sitios pola limpeza das rúas, respecto da limpeza xeral; indica que incluso se queixaron no “facebook” do Alcalde.

O Sr. Alcalde aclara que non hai “facebook” oficial do Alcalde de Ribadeo, que hai “facebook” persoal de Fernando Suárez Barcia e que algunha persoa ás veces de mala fé lle pon cousas. Reitera que o Alcalde non ten muro, que é un facebook persoal.

Dona Aurora González contéstalle que aínda que non sexa un facebook oficial el lé as

mesaxes, polo que ten que estar enterado do problema e que a persoa do Alcalde e a de Fernando Suárez son indisociables. Reitera o problema da limpeza xeral e tamén di que hai problema co tema das deposicións dos cans e pregunta se non sería posible habilitar algunha zona para eles e para que fagan as súas deposicións alí. Explica que iso lle daría menos traballo aos operarios de limpeza se alguén non as recolle, xa que estaría todo concentrado nunha zona.

Respecto da limpeza xeral, a Sra. González Ginzo opina que se podería mellorar cunha reorganización dos recursos humanos.

O Sr. Alcalde opina que o están a facer ben, pero que sempre teñen tendencia a mellorar; indica que dentro duns días vai entrar en funcionamento masivo a varredora en verán, tendo así dúas en funcionamento.

Respecto do tema dos cans, indica que hai unha praia habilitada para eles, que están buscando alternativas, pero que non é fácil xa que poden ter problemas coa xente que non ten can ou cos propietarios de cans se se teñen que desprazar moi lonxe; indica que están a buscar unha solución equitativa.

Dona María Paz Ermida Igrexas, concelleiro de desenvolvemento sostible, respecto do tema do salvavidas, explica que fai uns meses que os salvavidas están postos. Indica que se fixo unha rolda e que actualmente están postos en todas as praias polo que non é verdade que falten. Dille que non se pode trasladar ao pleno todo o que se oe sen comprobalo, xa que en inverno se retiran os salvavidas e se colocan en verán. Reitera que non é verdade que falten.

Dona Aurora González di que comprobará a información recibida, pero que fai media hora que lle dixeron que faltaba o salvavidas. Indica que tamén lle comentaron que hai unha varanda na escaleira que baixa dende Amador Fernandez aos Bloques que está rota.

Dona María Paz Ermida di que segundo o informe do Técnico non é competencia do Concello arranxar iso, pero que está pasado o aviso.

Dona Aurora González reitera que habitualmente aparecen cousas rotas no parque infantil.

Opina que si se colocase un cartel co rango de idade de quen o pode usar se evitarían roturas polo seu mal uso. Di que se houbese carteis se podería interpelar á xente que está a facer mal uso das instalacións.

Don Vicente Castro Reigosa contéstalle que o problema non é poder chamarlle a atención a quen fai mal uso, xa que os actos de vandalismo os van facer ás tres ou catro da mañá, que lles confirmaron que cousas que se romperon foron de madrugada.

Dona Aurora González indica que ten visto xente de 16 anos pola tarde usando os xogos do parque.

Don Vicente Castro reitera que o problemático está pola noite, que moitas roturas son causadas por xente de peso e por facer forza a posta para rompelo. Di que as roturas sempre aparecen pola mañá e que é un tema de vandalismo que afecta aos xogos, ao mobiliario e ás árbores.

O Sr. Alcade di que hai dous puntos de información xeral en dúas partes do parque infantil nas que se indica como hai que usar as instalacións.

A Sra. concelleira González Ginzo di que ela se refire a que ten visto noutros parques inscricións ao lado dos xogos indicando a idade e as características técnicas.

Paa agora a Sra. González Ginzo a formular preguntas, sinalando como primeira que quere saber porque este ano non se lles convocou á colocación da bandeira LGTBI, xa que o ano pasado si que lles chegara unha invitación para o acto.

O Sr. Alcade contéstalle que non o sabe, que non o fixeron por mal, pero que tampouco fixeron ningún acto e que non houbo prensa. Explica que non foi un acto institucional e que non ve o sentido da pregunta.

Dona Aurora González di que o ano pasado se fixo o mesmo, colocar a bandeira, e que si que os invitaron.

O Sr. Alcalde di que daquela se fixo o acto institucional porque se acababa de aprobar unha moción e se acordou facelo

Dona María Luz Álvarez, concelleira delegada, explica que era a primería vez que se facía.

Dona Aurora González pregunta se iso é o que vai a quedar de todo o compromiso da moción

O Sr. Alcalde contéstalle que o compromiso o mateñen todos os días, que non é cousa de poñer unha bandeira un día e indica que a bandeira estivo posta unha semana

Dona Aurora González di que non o dubida.

Don Xosé Farruco Graña explica que durante a feira do libro houbo unha presentación dun libro no que se abordaba o tema do colectivo LGTBI e que avisaron aos centros educativos. Explica que as accións as fan pouco a pouco para que se vaia plantando a semente de solidariedade co colectivo.

Dona Aurora Gonzalez contéstalle que a ese acto os convidaron ese mesmo día pola maña e pide que os avisen con máis tempo para poder conciliar a vida familiar, laboral e institucional.

Don Xosé Farruco Graña indica que o convite se fixo para toda a corporación para a inauguración da Feira do Libro e por extensión para toda a feira do libro, que xa levaban 15 días publicitando os contidos da feira. Opina que se lles pode reprochar que o convite se debería facer cinco días antes, pero que xa se fixo publicidade da feira durante 15 días antes, que incluso se enviou información por email; recoñece que o convite oficial á Corporación foi no mesmo día porque non daban abasto pero reitera que xa deron publicidade antes

Dona Aurora González pregunta si se tomaron medidas respecto do aumento dos roubos e si hai máis presenza policial.

O Sr. Alcalde contéstalle que están a traballar a través das Xuntas de Seguridade Local e que están coordinados coa Garda Civil e Policía Local. Indica que non lle chegou ningunha queixa de que non esté a funcionar correctamente e explica que se reforzou e aumentaron as horas de patrulla da Policía Local

Dona Aurora Gonzalez di que nun pleno comentaron o tema das locucións do tren turístico, que o ano pasado so as facían en galego.

O Sr. Alcalde contéstalle que o ano pasado xa as tiñan que facer en varios idiomas.

Dona Aurora Gonzalez di que o ano pasado nun pleno se tratou o tema de que o tren so pasaba as locucións en galego e di que en todos os viaxes que ela fixo foi así.

Indica que Dona Ana María Martínez, concelleira delegada de turismo, recoñeceu que incumprirán o contrato e que se ía corrixir este ano. Explica que agora poñen unha en galego e a continuación en castelán, pero que como duran tempo, se da unha discrepancia entre o que se está a escoitar e o que se está a ver.

Dona Ana María Martínez contéstalle que se deberían cordinar dous ou incluso tres idiomas usando “mp3” ou “mp4”. Indica que lle volverán a repetir o asunto ao titular do tren.

Dona Aurora González explica que ela fixo unha viaxe o sábado de indianos e que primeiro se escoita una locución na voz dun home e despois unha locución coa voz dunha muller noutra idioma. Di que ela entendera que se ía facer co sistema que dixo antes a concelleira Ana María Martínez e que só o traslada ao pleno para que teñan coñecemento.

A continuación Dona Aurora González Ginzo, manifiesta que na parede de pedra do Cine Teatro hai una pedra que está rasgada, que non sabe quen é o responsable do mantemento e pregunta se no concello están ao tanto.

Don Xosé Farruco Graña explica que están ao tanto e van tomar medidas, pero que ao ser propiedade da Sociedade Filantrópica non poden decidilo directamente e explica que ao non ser a súa propiedade non poden facer directamente inversión e que están a mirar o tema cos da sociedade. Indica que tamén se estudou o tema, que a rotura no edificio impresiona pero non supón ningún perigo e que ademais están a falar cos propietarios para facer actuacións no edificio, que se comprometeron a facelo.

Dona Aurora González di que lle consta que o impacto de algunha das actuacións culturais que se están a realizar é insignificante e di que queren saber si se está a facer algún tipo de valoración dos resultados das actividades culturais e pregunta se non se está a valorar facer outro tipo de actividades.

Don Xosé Farruco Graña pregunta se se refire a “Bisbal”, por exemplo.

Dona Aurora González di que non, pero que ao mellor enche Ribadeo de xente.

Don Xosé Farruco Graña explica que cando él comezou a ir ao Teatro non tiña aceptación e que agora hai grandes obras con moito público. Indica que lle teñen comentado que nos anos 90 se fixeron obras nas que asistían só 5 persoas, pero que polo menos se plantou semente e opina que se deben deixar levar por esa liña. Indica que aí obras que atraen moito público, pero que non están ao seu alcance polo elevado caché. Di que hai que combinar os dous aspectos, pero que non hai que deixar de lado o teatro de base.

Dona Aurora González contéstalle que non se refiría ás actuacións teatrais

Don Xosé Farruco Graña acláralle que o que falou é extensivo á música; explica que noutras zonas apostan por artistas da capital, o cal non é demérito; di que aquí tamén hai calidade, que non fai falla que veña da capital. Explica que agora non é bó momento para a lírica, pero que hai que dar a oportunidade á xente de que a coñeza.

Dona Aurora González explica que os grupos locais teñen boa acollida e pregunta porqué non promocionan máis as actuacións destes grupos. Opina que a Escola de Música ten gran participación, pero que tamén se lle podía dar a oportunidade a outros artistas locais.

Don Xosé Farruco Graña di que cando organizan algo o primeiro que fan e votar contas de qué persoas hai na vila, na comarca e en Asturias, para contratar persoas cercanas, e que moitas veces a resposta que atopan é “que si o organiza o Concello non”. Explica que dende hai anos apostaron por outros estilos musicais para diversificar e que atoparon respostas frías e negativas por organizalo o Concello, pero que si participan noutros actos que non organiza o Concello e que eles non poden obrigar a ninguén a que veña.

Dona Aurora González pregunta se hai algunha novidade sobre a subestación eléctrica e pregunta si se vai facer algunha reclamación pola avería que houbo no transformador do lado da muralla.

O Sr. Alcalde pregúntalle que tipo de reclamación.

Dona Aurora González contéstalle que polos danos causados durante as horas nas que Ribadeo estivo sen luz.

O Sr. Alcalde explica que no momento de producirse a avaría el lles pideu explicacións e que lle aseguraron que ían reforzar o sistema de transformadores; respecto da pregunta sobre a subestación contéstalle que entende que están actuando na mesma.

Dona Aurora González pregunta se entón xa teñen coñecemento da sentenza e se é firme.

O Sr. Alcade contéstalle que lles comunicaron que tiñan luz verde para seguir adiante.

Don Vicente Castro dille que as obras do tendido que faltaba están iniciadas.

Dona Aurora González pregunta se saben o tempo de execución previsto.

O Sr. Alcalde contéstalle que as licencias de obras se conceden xenéricamente por tres anos, pero que el escoitou que contaban rematar a final de ano, pero que non están seguros. Indica que espera que con iso se solucionen os problemas eléctricos de Ribadeo.

Dona Aurora González di que están ben as modificacións do ICIO e da Taxa para fomentar as rehabilitacións de edificios, pero indica que a Torre dos Moreno está en mal estado. Indica que non sabe cal é a porcentaxe de propiedade do concello e pregunta se non pode o concello actuar subsidiariamente igual que o fai noutros casos para restaurar o edificio.

O Sr. Alcalde contéstalle que o Concello xa actuou de forma subsidiaria en varias ocasións, que a última foi a renovación do sistema de protección, pagando un tercio dos custos o concello e o resto a outra empresa maioritaria. Indica que o Concello ten o 21.25% da propiedade. Di que fai uns tres anos o Concello tamén participou na actuación que se fixo para evitar que se colapsase a torre, cambiando as columnas anteriores e posteriores.

Indica que a día de hoxe non está como debería estar, pero que é un tema moi complicado. Di que están a traballar no tema e que espera poder telo como é debido en breves. Explica que a día de hoxe non ten novidades que contar sobre as obras, pero que si conseguiron dilucidar unha cuestión histórica da propiedade, xa que tras un pleito que instaron conseguiron poder inscribir a propiedade no Rexistro da Propiedade.

Di que ademáis de ter un elevado custo o arranxo tamén hai un 19% da propiedade cuxos propietarios son descoñecidos, polo que o Concello se tería que facer cargo da parte proporcional segundo a súa porcentaxe de participación, o que suporía facerse cargo dun 30%.

Dona Aurora González pregunta quen é o outro dono, significando o Sr. Alcalde que a empresa Paisajes de Asturias ten o 60% e o resto é descoñecido.

Dona Aurora González di que no pleno anterior propuxeron que se habilitase un punto limpo de tratamento ecolóxico de residuos para autocaravanas e preguntalle se o valoraron.

O Sr. Alcalde contéstalle que o están a valorar

Dona Aurora González di que viron na prensa que o concesionario da Illa Panca presentou dúas demandas contra o Concello e pregunta se xa lles foron notificadas e se teñen coñecemento delas. O Sr. Alcalde contéstalle que non ten coñecemento.

Dona Aurora González di que Ignacio Samper lle comentou que rexistrou unha recusación contra o Sr. Alcalde no rexistro do Concello, a cal se fixo agora efectiva, acompañada dunha querela criminal datada en xuño do ano pasado. Indica que pola prensa teñen coñecemento tamén de que o Sr. Alcalde non sabía da dita querela ata estas datas porque o xuíz non lle dera traslado, e pregunta se cando se rexistrou o dito escrito coa querela no concello non sería o normal facerlle chegar esa información aos concelleiros para o seu coñecemento.

Indica que eles xa o sabían porque o Sr. Samper lles fixo chegar a información e unha nota de prensa, da cal lles pideu que lle dese traslado aos medios de comunicación da zona, pero que os compañeiros do Grupo do PP non tiñan coñecemento.

Pon o exemplo das demandas do empresario da Illa Panca e pregunta se non sería convinte que se lles pasara aos concelleiros para que tiveran esa información.

O Sr. Alcalde contéstalle que non sabe como explicarllo porque é unha persoa complicada e que eles dous (concelleira e Sr. Alcalde) se deben parecer so no branco dos ollos. Explícalle que cada concelleiro ten dereito a ver todo o que hai no Concello, que só o ten que pedir, que si existe se lle pasa e que se non existe non se lle da.

Respecto desa demanda, a cal ela fixo pública, recrimínalle o seu atrevemento. Indica que el non lle vai dicir como ten que facer a oposición, que a faga como lle veña en gana, que a él non lle ten que pedir permiso; di, que se polo menos preguntara antes, decíndoo dunha maneira vulgar, de “poñer a lingua a pacer”, podería ver que nese tema hai problemas urbanísticos e cuestión xurídicas; que podía pedir os expedientes, ver todo o que quixera e manifestarse no que quixera, pero que ela e o seu grupo fixeron unha nota de prensa que trasladaron na cal indicaban que el era un corrupto, un mafioso.

Dona Aurora González intenta intervir.

O Sr. Alcalde dille que agora está a falar él, que para ese tema veu a rogos e preguntas e que agora se aguante. Explica que acepta todo e que sabe que no cargo dos concelleiros ás veces casi teñen a obriga de que “lles cuspan na cara”, porque teñen que aguantar cousas boas e cousas malas, que teñen un xogo político, pero que hai un límite que nunca se pasa salvo que un sexa un bellaco ou un miserable ou un sinvergoña.

Di que acusar gratuitamente a alguén sen ter argumentos nin probas só porque “alguén llo dixo” non esta ben; indica que a él lle poden dicir moitas cousas dela, pero que tendo uso de razón e sendo mínimamente responsable non as di e que moito menos as fai públicas, e que moito menos colle o grupo da corporación no que está e fai unha nota de prensa así “porque me lo dijeron”, a non ser que sexa un descerebrado, que non o é.

Reitera que él acepta todo, os comentarios sobre a lingua, que acepta de todo; indica que non acepta de naide nin dela que digan que él non é honorable e que quede claro. Dille que diso non lle vai a contar nada máis porque a partir de agora seguro que o contan noutro sitio.

Dona Aurora González contéstalle que non se vai a dar por aludida.

O Sr. Alcalde dille que se dea por aludida.

Dona Aurora González contéstalle que non porque lle está a faltar moito ao respecto.

O Sr. Alcalde di que lle está a faltar ela a él, e que non lle chamou nada a ela.

Dona Aurora González pídelle que lle deixe aclarar que ela non lle deu traslado a nada; explica que lle chegou a querela e unha nota de prensa redactada por Ignacio Samper, pedíndolle que a fixera chegar porque él non tiña contacto cos medios de comunicación da zona.

O Sr. Alcalde pregúntalle si lle parece correcto e si ve ben que si a él lle chegase unha nota dicindo que ela é unha asasina que acaba de matar a tres nenos e dous vellos a fíxese pública porque llo contaron; opina que primeiro tería que preguntar se é verdade e dille que ela non está á altura de ser concelleira deste Concello, que esa é a súa opinión, e que ten todos os dereitos de concelleira pero que non ten o dereito de difamar.

Dona Aurora González explica que ela confirmou que a querela estaba presentada, que leu 57 páxinas dunha querela e que leu a nota de prensa; di que nin votou a lingua a pacer nin dixo nada máis, porque non fixo ningún comentario de ningún tipo, nin xulgou se a nota era certa ou non, nin nada en referencia a iso; di que lle pode preguntar aos que están presentes, que non falou nada directamente con eles, porque “Jose” (da Voz de Galicia) non estaba e que no caso do Progreso falou con Pablo.

Indica que ela so lles dixo que lle deron traslado dunha nota de prensa para que lle-la faga chegar e que non fixo ningún comentario de si era verdade, de si o creía ou non o creía, nin de nada de nada. Di que lle chegou unha nota ao correo, a rebotou e se acabou.

O Sr. Alcalde contéstalle que antes de ser concelleira debería facer un curso de saber estar, de humanidade e respecto polos compañeiros.

Dona Aurora González dille que ela non o acusou.

O Sr. Alcalde contéstalle que ela é unha mala persoa polo que fixo

Dona Aurora González reitera que ela so trasladou unha nota de prensa.

O Sr. Alcalde dille que xa seguirán o debate noutro sitio.

Dona Aurora González contéstalle que seguirán o debate donde queira.

A continuación a mesma concelleira Sra. González Ginzo informa que dende o seu grupo se interpuxo un recurso contencioso-administrativo, por se queren ter información, contra a oferta de emprego público do ano 2016, respecto da praza de ordenanza, porque entende que esa oferta incumple a normativa vixente. Indícalles que son eles os que teñen que solicitar a información se lles interesa.

O Sr. Alcalde dille que ao indicar iso debería decir tamén cal é toda a información.

Dona Aurora González di que non a ten que dicir, que para iso xa está él.

O Sr. Alcalde contéstalle que o seu grupo pideu a suspensión e que non lla concederon e que conte todo.

Dona Aurora Gonzalez recoñece que si pediron a suspensión e que non lla concederon, pero que o recurso está posto e agora hai que esperar a que se resolva. Pídelle ao Sr. Alcalde que se hai algo máis que contar que se lle esquecese a ela que o conte, que non teñen nada que ocultar.

DO GRUPO POPULAR.

Intervén a continuación o Sr. D. José María García Suárez do Grupo Municipal Popular e manifesta que o día da concentración de motos, no aparcadoiro, alguén rompeu o único banco que había; explica que a esa zona van persoas maiores e persoas con problemas de mobilidade e que se atopan con que non hai donde sentarse, polo que pensa que é importante repoñer bancos nesa zona. Opina que tamén sería bo reubicar a vendedores ambulantes que poñen ali un furgón, xa que houbo queixas polo que ensucian.

Respecto do tema dos cans, di que hai beirarrúas intransitables polos excrementos dos cans. Opina que a única solución aos problemas dos cans é sancionar.

Respecto do “tren turístico” manifesta que cre que fai un bo servizo, pero que sería bo que se reproduciran en varios idiomas as locucións, sincronizadas entre elas aínda que di que facer coincidir a locución co lugar exacto da vila polo que está a pasar, é imposible, debido ao tráfico e aos obstáculos que atopa o tren no camiño.

Don Jorge Díaz Freije, concelleiro delegado de limpeza sinala, respecto ao tema dos cans, que sancionar é moi complicado. Explica que o ano pasado houbo un par de sancións nas Catedrais porque estaban soltos, que iso é mais fácil de sancionar, pero coller á persoa cando o can está defecando é máis complicado, que non quere dicir que non se poida facer, xa que están niso.

Don José María García contéstalle que entende que é complicado e ponlle o exemplo dun día que polas catro calles viu a un señor cun can perigoso solto. Opina que poñer multas pode concienciar, xa que a él o multaron por ir sen cinto unha vez e agora o pon sempre.

O concelleiro Delegado Sr. Díaz Freije comenta que él xa veu casos de cans soltos, que sabe que pasa, que chamou á patrulla e que os donos, cando viron que viña a patrulla, amarraron os cans.

Dona Aurora González Ginzo pide intervir.

O Sr. Alcalde dille que xa pasou o seu turno de palabra.

Dona Aurora González pide que se recolla íntegramente e textualmente na acta do pleno o *rifi-rafe* que tivo co Sr. Alcalde.

O Sr. Alcalde contéstalle que iso o ten que pedir no seu turno e que agora depende do funcionario.

Dona María Rosina Tosar López, concelleira do Grupo Popular, pregunta cando comeza a funcionar o guindastre neste pobo; explica que onde vive teñen dificultades para saír do garaxe debido aos coches que aparcan mal, encima da beirarrúa ou diante do vado do garaxe. Indica que as multas non solucionan iso no caso de ter que saír por unha urxencia.

O Sr. Alcalde contéstalle que se fose tan fácil xa terían un guindastre funcionando; di que ningún concello do porte de Ribadeo ten guindastre e que ademais pódese mercar por leasing, pero que o problema está no persoal, xa que non se podería ter un guindastre de día e de noite porque suporía un gasto enorme, que de verán podería ser sostible, pero de inverno sería deficitario. Opina que dentro de 20 anos, se segue o mundo como segue, non vai haber guindastre en Ribadeo, porque costa moitísimo.

D. Jesús López Penabad, concelleiro do Grupo do PP, pregúntalle a Vicente Castro se non é posible botar un rego o máis sinxelo posible no aparcamento ao lado do Gadis; respecto do que decía da herva das cunetas, di que o da choiva xoga ao seu favor no tema do aparcamento, pero que como veña moito sol iso vai parecer o Sahara.

Don Vicente Castro contéstalle que non se pode poñer, porque sería un problema coa grava. Di que tampouco o poden asfaltar porque o dono non deixa e ademais o custo do asfaltado non podería ser superior ao do arrendamento. Reitera que o propietario non deixa asfaltar e explica que o contrato de arrendamento é dun ano renovable e di que os motivos de non deixar asfaltar é porque despois o tratamento de residuos lle vai saír máis caro.

Explica que o tema do aparcamento ten unha solución difícil e di que están a regar pola noite e a medio día. Di que se está a baldear, pero que é difícil solucionar o problema dese aparcamento e indica que o ve avocado ao peche. Indica que é complicado atopar outro aparcamento.

E sen mais asuntos que tratar, non sendo outro o obxecto da sesión o Sr. Alcalde-Presidente levanta a mesma sendo as vintedúas horas e cinco minutos, estendéndose a presente acta, do que eu Secretario dou fe.

O ALCALDE,

Asdo. FERNANDO SUÁREZ BARCIA

O SECRETARIO XERAL,

Asdo. JOSÉ A. CARRO ASOREY

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE